

O artigo 13 da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades, modificada pola Lei 4/2007, dispón que na elección dos representantes dos distintos sectores da comunidade universitaria nos órganos colexiados, os estatutos establecerán as normas electorais aplicables, as cales deberán propiciar a presenza equilibrada entre homes e mulleres.

O artigo 22 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece que a universidade propiciará a presenza equilibrada de homes e mulleres nos seus órganos de goberno, para o que establecerá as normas necesarias nos procedementos electorais.

A Comisión Electoral en sesión celebrada o día 4 de marzo de 2010 aprobou o procedemento electoral para a elección de membros do Claustro Universitario da Universidade de Vigo. Neste procedemento inclúanse normas para promover a paridade entre xéneros no Claustro Universitario.

Dado que o Claustro Universitario deberá elixir aos representantes no Consello de Goberno, no Tribunal de Garantías, na Comisión de Reclamacións e na Comisión Electoral e o Consello de Goberno deberá elixir aos representantes nas Comisións de Organización Académica e Profesorado, de Planificación e Asuntos Económicos, de Investigación e de Extensión Universitaria e Estudiantes, así como aos representantes en todas aquelas comisións delegadas, que de acordo co artigo 77 dos Estatutos se podan crear, esta Comisión Electoral, en reunión celebrada o día 1 de xullo de 2010, ACORDA aplicar as normas sobre paridade establecidas no procedemento electoral para a elección de membros do Claustro Universitario.

NORMAS DE PARIDADE NA COMPOSICIÓN DOS ÓRGANOS PREVISTOS NOS ESTATUTOS E NAS COMISIÓN DELEGADAS DE CONSELLO DE GOBERNO

CLAUSTRO

Membros Consello de Goberno

1. Cada elector ou electora só poderá dar o seu voto como máximo a un número de candidatos ou candidatas equivalente ao setenta por cen ou porcentaxe máis próxima ao número que corresponda a cada sector. A porcentaxe é a seguinte: de acordo coa táboa 1, na cal A é o número de representantes para elixir por cada sector, e B o número máximo de candidatos/as aos que poderá dar o seu voto cada votante.

Táboa 1

A	B	A	B
1	1	11	8
2	1	12	8
3	2	13	9
4	3	14	10
5	4	15	11
6	4		
7	5		
8	6		
9	6		
10	7		

2. Aos efectos de promover a paridade entre xéneros no Consello de Goberno, cada elector ou electora poderá votar como máximo ao 60% das candidaturas de un dos xéneros, determinado sobre o número de candidatos e candidatas máximo a elixir previsto no Regulamento do Claustro, de acordo coa táboa 2, na cal A é o número de representantes para elixir por cada sector, B o número máximo de candidaturas aos que poderá dar o seu voto cada votante e C o número máximo que se pode votar para un dos xéneros.

Taboa 2

A	B	C	A	B	C
1	1	1	11	8	4
2	1	1	12	8	4
3	2	1	13	9	5
4	3	2	14	10	6
5	4	2	15	11	6
6	4	2			
7	5	3			
8	6	3			
9	6	3			
10	7	4			

3. De conformidade cos apartados 1 e 2, en cada papeleta determinarase o número máximo de candidatos que se pode votar por cada elector ou electora así como o número máximo por cada xénero.

Comisión de Reclamacións

1. Aos efectos de promover a paridade entre xéneros na Comisión de Reclamación, cada elector ou electora poderá votar como máximo ao 60% das candidaturas de un dos xéneros, determinado sobre o número de candidatos e candidatas a elixir previsto no regulamento do Claustro. De acordo con dito regulamento esta Comisión estará formada polo reitor e por 6 catedráticos de universidade de diversas áreas de coñecemento.

2. De acordo co anterior cada elector ou electora poderá dar o seu voto como máximo a 3 representantes dun xénero.

3. De conformidade cos apartados 1 e 2, en cada papeleta determinarase o número máximo de candidatos e candidatas que se pode votar por cada xénero.

Comisión Electoral

1. Aos efectos de promover a paridade entre xéneros na Comisión Electoral, cada elector ou electora poderá votar como máximo ao 60% das candidaturas de un dos xéneros determinado sobre o número de candidatos e candidatas a elixir previsto no regulamento do Claustro. De acordo co dito regulamento esta Comisión integrada por un vicerreitor, a secretaria xeral e 12 membros, dos que 3 serán do profesorado doutor con vinculación permanente á universidade, 3 doutro persoal docente e investigador, 3 estudantes e 3 do PAS. Cada candidato deberá levar un suplente de calquera xénero.

2. De acordo co regulamento cada elector ou electora poderá dar o seu voto como máximo a 2 candidatos, polo que só poderá dar o seu voto como máximo a 1 representante dun xénero.

3. De conformidade cos apartados 1 e 2, en cada papeleta determinarase o número máximo de candidatos e candidatas que se pode votar por cada xénero.

Comisións de Consello de Goberno

1. Cada elector ou electora poderá dar o seu voto como máximo a un número de candidatos ou candidatas equivalente ao setenta por cen ou porcentaxe máis próxima ao número que corresponda a cada sector. A porcentaxe é a seguinte:

5 profesores: votarase como máximo a 4. O número de candidatos e candidatas que se pode votar por cada xénero será de 2.

2 estudantes: votarase como máximo a 1 candidato/a.

1PAS: votarase a 1 candidato/a.

2. De conformidade co apartado anterior, en cada papeleta determinarase o número máximo de candidatos e candidatas que se pode votar por cada xénero.